

ACTA DA REUNIÓN DE COMISIÓN DE CALIDADE 6 DE XUÑO DE 2011 (1º SEMESTRE DO 2011)

Reunida a Comisión de Calidade o luns 6 de xuño de 2011 ás 16:30 na aula 8 da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte coa asistencia dos membros seguintes: Jorge Viaño, Águeda Gutiérrez, Pablo Castiñeira, Francisca Fariña, Carlos Lago, Rocío Abalo y Luis Casáis; coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación da Acta da reunión do 22 de decembro de 2010.
2. Revisión e aprobación das propostas de revisión dos seguintes procedementos:
 - 2.1.PE01 Política e obxectivos de calidade
 - a) IT01-PE01 Revisar e aprobar a política e obxectivos de calidade (Axúntanse o que está aprobado actualmente, con data 30-10-2008, deberíase levar posteriormente a Xunta de Facultade para aprobar, xa que a Acta é outra evidencia).
 - 2.2.PC01 Garantía de Calidade de los Programas Formativos
 - a) IT03-PC01 Revisar e Aprobar o Plan de Traballo da CGIC (adxunto: 2011_1º_semestre_ANEXOS_da....)
 - 2.3.PC03 Def. de Perfiles y Captación de Estudiantes
 - a) IT02-PC03 Revisar e aprobar perfil de ingreso e egreso (débase aprobar despois na Xunta de Facultade e órganos de goberno da uvigo)
 - b) IT03-PC03 Revisar e aprobar o Plan de Promoción e Captación do Centro (proposta adaptada da achega que fixo a Área de Calidade que nos enviou o feito pola Escola de Enxeñería de Telecomunicacións, axúntase documento word)
 - 2.4.PC05 Orientación al Estudiante
 - a) IT01-PC05 Acciones de orientación planificadas (PAT)
 - PAT 2010-11 que se levou a cabo este ano cas modificacións pertinentes de Curso Cero, Actuacións Xerais e Específicas (Adxunto: PAT 2010-11, axuntaranse as evidencias na aplicación do SGIC que se foron creando pero que non se axuntan)
 - Revisión e aprobación do Proxecto de Innovación para o Curso 2011-12 de PAT entre Iguais. (adxunto: Anexo 2_e_3_Proxecto...)
 - 2.5.PA04 Xestión e revisión de Incidencias, Reclamacións e Suxerencias.
 - a) Proposta de Procedemento, Xestión, Resposta de Queixas e Suxerencias.
 - 2.6.PM01 Medición, Análises e Mellora

- a) Proposta e aprobación, se procede, de Enquisa de Avaliación de Satisfacción da Mobilidade de Alumnado Recibido.
- b) Revisión e aprobación, se procede, das enquisas de Avaliación da Satisfacción (PAS, Alumnado e Profesorado) (adxunto: PR-01 Enquisas oficiais de avaliación...)
- c) Revisión da Enquisa Propia da FCCED de Avaliación da Satisfacción dos Títulos (adxunto: Enquisa propia...)

2.7.PA01 Xestión de Documentos e evidencias.

- a) IT01-PA01 Proposta do sistema de xestión de documentos e evidencias.

2.8.Rogos e preguntas.

Iníciase a sesión ás 16:30 horas, seguindo a orde do día:

1. Apróbase a acta anterior por unanimidade.
2. –
 - 2.1. O coordinador informa de que está pendente de elaboración o informe de consecución dos obxectivos e política de calidade (constitúe unha evidencia). Estase á espera da realización das enquisa de avaliación de satisfacción e dos resultados das mesmas.
 - 2.2. Maníéstase por parte do Coordinador de Calidade a dificultade para encontrar as Actas de Constitución das comisións de elaboración dos títulos, tentárase que os responsables das antigas comisións faciliten esta documentación.
 - 2.3. –
 - a) Apróbase manter o actual perfil de ingreso e egreso, para a súa aprobación na posterior Xunta de Facultade.
 - b) Incorporáranse as suxerencias de modificacións propostas por Águeda Gutiérrez (substituír universidade por facultade nas Xornadas de Portas Abertas) e apróbase por unanimidade.
 - 2.4. –
 - a) Apróbase o modelo de PAT 2009/2010 cas modificacións do presente ano.
Faise a proposta de presentación ao alumnado de 2º Ciclo por parte dos investigadores responsables dos diferentes Grupos de investigación da Facultade a principios de curso. Ademais, proponse invitar ao Vicerreitor de Investigación para esta presentación para expoñer a política de investigación na Universidade. Tamén se suxire a invitación a este evento do alumnado de Fisioterapia

posto que carecen de formación de Terceiro Ciclo. Apróbanse todas estas medidas e suxerencias.

Sobre a nova proposta presentada de PAT entre iguais para 2011-2012, acórdase eliminar a dotación económica pois carece dela. Tamén se acorda facer unha nova ronda de captación de novo profesorado participante no plan, ademais dos que xa aparecen reflexados no mesmo.

2.5. Está sendo elaborado polo equipo decanal e está aberto a posibles suxerencias. Suxírese incluír neste documento o Regulamento de Titorías, e queda pendente a búsqueda dos artigos que o regulan do Regulamento de Réxime Interno ou da normativa correspondente.

2.6. O Coordinador de Calidade informa que a participación do profesorado a día de hoxe, é do 56% e do alumnado do 28%, finalizando o prazo para cubrilas o 17 de xuño por ampliación.

Apróbanse as enquisas sen modificacións pero recollendo as suxerencias de mellora de Luís Casáis e as posteriores que se farán chegar por parte da comisión para unha posterior revisión e aprobación na seguinte reunión.

Coméntase que haberá que fomentar a participación do PAS. Explícase a elaboración doutro cuestionario de elaboración da propia Facultade, ampliando preguntas e eliminando as que se repitan, pero está pendente de revisar.

2.7. O sistema de xestión queda aprobado.

2.8. Águeda Gutiérrez manifesta o seu malestar pola falta de asistencia á reunión do resto de membros e por non haberse desculpado. Carlos Lago e Jorge Viaño tamén están de acordo.

Francisca Fariña e Águeda Gutiérrez suxiren que a información e procedementos máis importantes e relevantes se fagan chegar en papel á toda a comunidade da facultade.

O coordinador roga a tódolos membros da comisión que insitan na realización das enquisas de calquera tipo relacionadas con calidade.


Francisca Fariña reconece o traballo do Coordinador da Comisión, Jorge Viaño. Tódolos presentes ratifican este comentario.

Jorge Viaño agradece a confianza e o apoio dos membros da Comisión de Calidade presentes.

Dáse por finalizada a sesión ás 17:30 horas.

Coordinador/a da Comisión


Asdo.:


JORGE VIANO

Pontevedra, a 6 de xuño de 2011.

Secretario/a da Comisión

Asdo.:


CARLOS LAGO